# CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL

DOCUMENTO

FICHAS

73 BUEU

CÓDIGO CONCELLO




Escala: 1:60.000



## 73 BUEU

CÓDIGO CONCELLO

| Código | NOME |
|---|---|
| 73_001 | FÁBRICA DE CONSERVAS |
| 73_002 | ESTALEIRO DO PURRO |
| 73_003 | CASAS NA PRAIA DE BELUSO 10 / 11 / 12 / 13 |
| 73_004 | CASAS NA PRAIA DE BELUSO 23 / 26A / 27A / 28A / 28B |
| 73_005 | CASAS NA PRAIA DE BELUSO 32 /33 /34 |
| 73_006 | CONSERVEIRA A ROIBA |
| 73_007 | CASA MOLEZÚN |
| 73_009 | XACEMENTO ROMANO VILA DE PRAIA MOURISCA |
| 73_010 | SALGADURA DE ANCORADOIRO |
| 73_011 | SALGADURA DE PRAIA MOURISCA |
| 73_012 | ABRIGO DA PRAIA DE ANCORADOIRO 1 |
| 73_013 | ACHADO DE CON |
| 73_014 | PETRÓGLIFO DE PUNTA ESCANDIÑA |
| 73_015 | PETRÓGLIFO DA BUFÚA |
| 73_016 | PETRÓGLIFO DE PRAIA DE REVENTÓNS 2 |
| 73_017 | PETRÓGLIFO DE PRAIA DE REVENTÓNS 1 |
| 73_018 | CASTELO DE PEREIRÓ |
| 73_019 | XACEMENTO DA PRAIA DE CANEXOL |
| 73_020 | IGREXA VELLA DE ONS |
| 73_021 | HÓRREO EN CANEXOL 1 |
| 73_022 | HÓRREO EN CANEXOL 2 |

| Código | NOME |
|---|---|
| 73_023 | SARTEGO MEDIEVAL A LAXE DO CREGO |
| 73_024 | PETRÓGLIFO DA LAXE |
| 73_028 | CONXUNTO DE HÓRREOS DA ILLA DE ONS |
| 73_029 | PUNTA DO CASTELO |
| 73_031 | CASTRO DO CASTELO DOS MOUROS / CASTRELO DOS MOUROS |
| 73_032 | CHOZOS DA PRAIA DA MOURISCA |
| 73_033 | GRAVADO DO CANEXOL 2 |
| 73_034 | GRAVADO DO CANEXOL 1 |
| 73_036 | CASA NA RÚA PESCADORÍA 3 |
| 73_037 | HÓRREO NA RÚA PESCADORÍA 3 |
| 73_038 | CASAS NA RÚA MONTERO RÍOS 47 / 49 |
| 73_039 | CASAS NA RÚA MONTERO RÍOS 55 / 57 |
| 73_040 | CASAS NA RÚA MONTERO RÍOS 59 / 61 /63 |
| 73_041 | CASAS NA RÚA MONTERO RÍOS 67 / 69 |
| 73_042 | CASAS NA RÚA MONTERO RÍOS 75 / 77 / 79 |
| 73_043 | CASA NA RÚA MONTERO RÍOS 45 |
| 73_044 | CASA NA RÚA MONTERO RÍOS 51 / 53 |
| 73_045 | CASA NA RÚA MONTERO RÍOS 73 |
| 73_047 | CASAS NA PRAIA DE BELUSO |
| 73_048 | CONXUNTO ILLA DE ONS |
| 73_049 | CRUCEIRO DA ILLA DE ONS |

XUNTA DE GALICIA

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — RECURSOS NATURAIS
TIPO — SUBTIPO

CONSERVEIRA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

EQ SOCIAL-CULTURAL
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe resaltarse a memoria da conserveira como motor económico e social; así como a singularidade da súa localización no bordo costeiro.

POSTA EN VALOR

73_001
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE BUEU
UNIDADE DE PAISAXE

BUEU (SAN MARTIÑO)
PARROQUIA

MEÁNS, AS
NÚCLEO / LUGAR

8365817NG1886N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 518144,00 — Y: 4686369,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Antiga conserveira situada no núcleo de Meáns. Actualmente ocupa esta edificación "O Club do Mar Bueu" e na súa parte leste atópase ocupada pola Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais de Bueu "Os Galos". Trátase dunha nave industrial de planta irregular, adaptada ao perímetro costeiro e apoiada sobre un podio pétreo que serve de base e plataforma de traballo. Parte dos seus muros, de mampostería de granito, atópanse á vista. Cuberta a dúas aguas de chapa metálica.

DESCRIPCIÓN

Nave industrial de planta irregular adaptada á liña de costa. Muros de mampostería de granito parcialmente revocados. Cuberta a dúas augas de chapa metálica.

EDIFICACIÓN

A parcela, de carácter urbano e fronte marítima, atópase delimitada por viario e polo propio bordo costeiro. Constitúe un ámbito singular pola súa inserción directa na contorna portuaria tradicional de Bueu.

PARCELA

O inmoble intégrase no tecido litoral de Bueu, na enseada homónima, dentro da comarca costeira das Rías Baixas. O ámbito conserva trazos do patrimonio industrial conserveiro.

ENTORNO

O valor principal radica no testemuño da actividade conserveira, propia da economía mariñeira local.

VALORES

# FÁBRICA DE CONSERVAS
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA
DE GALICIA

# 73_002
CÓDIGO INVENTARIO

# ESTALEIRO DO PURRO
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

I_04
FICHA

INDUSTRIAL — NAVIEIRA
TIPO — SUBTIPO

CARPINTERÍA DE RIBEIRA/ESTALEIRO
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

EQ SOCIAL-CULTURAL
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a arquitectura tradicional mariñeira.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE BUEU
UNIDADE DE PAISAXE

BUEU (SAN MARTIÑO)
PARROQUIA

BUEU
NÚCLEO / LUGAR

7462201NG1876S
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 517310,00 — Y: 4686082,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

O Estaleiro da Banda do Río, tamén coñecido como do Purro, ten o seu inicio en 1920. Foi a derradeira carpintería de ribeira en activo. Edificación de estrutura de madeira e cerramentos do mesmo material propia da arquitectura popular mariñeira. Conta cun espazo nuclear de maior altura e varias construcións anexas. Ten unha configuración moi representativa de todas as carpinterías de ribeira. O que inclúe unha pequena oficina, unha zona para o trazado de proxectos, outra para a elaboración das pezas de madeira e onde se sitúan o banco e as ferramentas, un grande alboio para a construción dos cascos baixo teito, unha área descuberta para o almacenamento e secado da madeira e varadoiro con vías. Foi rehabilitado no ano 2018.

DESCRIPCIÓN

Edificación de estructura madeira e cerramentos do mesmo material con núcleo central de maior altur a e varias construcións anexas.

EDIFICACIÓN

Situada en primeira liña marítima, limita coa praia da Banda do Río e co viario urbano. A súa configuración facilita o acceso directo ao mar.

PARCELA

A edificación intégrase na fachada litoral de Bueu, na enseada homónima, dentro da unidade de paisaxe das Rías Baixas. Constitúe un fito visual e identitario, convivindo co tecido urbano residencial e co porto.

ENTORNO

A súa singularidade reside en ser a derradeira carpintería de ribeira activa de Bueu, símbolo da identidade mariñeira local.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

# 73_003
CÓDIGO INVENTARIO

# CASAS NA PRAIA DE BELUSO 10 / 11 / 12 / 13
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

B_01
FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

CASA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación en planta

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a súa integridade volumétrica, a continuidade da fachada litoral, e a súa relevancia ambiental como fronte marítima histórica representativa do patrimonio local.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE BUEU
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

PRAIA DE BELUSO, A
NÚCLEO / LUGAR

6668014NG1866N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 516501,00 — Y: 4686599,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Conxunto de inmobles situados na fronte da Praia. Teñen dous andares, cun terceiro andar no corpo central do edificio, de volumetría compacta e muros de cachotaría ou sillería granítica. Presentan fachadas principais regulares, con ocos verticais, ventás rectangulares e portas de arcos rebaixados, así como elementos singulares como miradoiros metálicos, balcóns voados en ferro ou pedra e cornixas decoradas en madeira. As cubertas son a dúas augas con tella curva tradicional.
Fichas PXOM: B_01, B_02, B_03 e B_04.

DESCRIPCIÓN

Vivendas mariñeiras tradicionais de dous andares máis un tercero no corpo central algunhas con corpo central. Fachadas en granito, composición regular, balcóns en ferro ou pedra e cubertas de tella tradicional.

EDIFICACIÓN

Parcelas estreitas e profundas, con fronte litoral aliñada á rúa principal do bordo marítimo. A configuración responde á parcelación histórica das vilas pesqueiras, optimizando o aproveitamento lineal fronte ao porto.

PARCELA

Entorno urbano-mariñeiro singular, en contacto directo coa ribeira e co porto de Beluso. O conxunto define unha fachada continua fronte ao mar, xerando un diálogo directo coa paisaxe costeira da Ría de Pontevedra.

ENTORNO

Valor ambiental e patrimonial pola súa implantación fronte ao mar e coherencia tipolóxica. Constitúe unha mostra representativa da arquitectura mariñeira tradicional das Rías Baixas.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

B_06
FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

CASA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación en planta

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a súa relación coa paisaxe marítima e a continuidade da fachada litoral. A valorización require conservar volumetrías e materiais, evitando alteracións tipolóxicas ou cromáticas.

POSTA EN VALOR

# 73_004
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE BUEU
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

PRAIA DE BELUSO, A
NÚCLEO / LUGAR

6569914NG1866N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 516404,76 — Y: 4686786,89
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Conxunto de edificacións tradidicionais de vivendas situado na fronte marítima da Praia de Beluso, conformando un tramo representativo da fachada portuaria histórica. Trátase de edificacións de planta baixa e un andar, con muros de cachotaría e sillería de granito á vista. Cubertas a dúas augas con tella curva e ocos verticais de composición regular. O número 23 destaca pola orde rítmica dos ocos e un balcón asimétrico sobre canzorros de pedra; mentres que o número 28 presenta unha fachada simétrica con dous balcóns pequenos en pedra. Pola súa parte, o 28A corresponde a unha tipoloxía máis popular, cun acceso elevado mediante pequena solaina de pedra. As reformas dos anos setenta respectaron parcialmente os volumes e materiais tradicionais

DESCRIPCIÓN

Edificacións tradicionais de dúas plantas en granito, con cubertas de tella e ocos verticais regulares. Incorporan balcóns en pedra e elementos populares como solainas.

EDIFICACIÓN

Parcelas estreitas, aliñadas á fronte marítima, adaptadas á topografía litoral. Responden á parcelación histórica portuaria. Ocupación compacta e continuidade edificatoria, xerando unha fronte urbana característica do núcleo.

PARCELA

Situadas no porto de Beluso, fronte ao paseo e á praia, integradas nun entorno costeiro cun forte carácter mariñeiro. A súa disposición define unha fachada continua que estrutura o espazo urbano litoral tradicional.

ENTORNO

Presentan valor ambiental pola súa implantación fronte á praia. Valor histórico como testemuño da arquitectura mariñeira. Valor patrimonial polo uso de materiais, volumetrías e solucións construtivas tradicionais.

VALORES

# CASAS NA PRAIA DE BELUSO 23 / 26A / 27A / 28A / 28B
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA
DE GALICIA

# 73_005
CÓDIGO INVENTARIO

# CASAS NA PRAIA DE BELUSO 32 /33 /34
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

B_07
FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

CASA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación en planta

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a súa relación coa paisaxe marítima e a continuidade da fachada litoral. A posta en valor debe priorizar conservación volumétrica e recuperación de materiais orixinais.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE BUEU
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

PRAIA DE BELUSO, A
NÚCLEO / LUGAR

6570902NG1867S
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 516417,85 — Y: 4686820,68
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

O conxunto situado fronte ao porto de Beluso está formado por tres edificacións tradicionais, representativas da arquitectura mariñeira popular das Rías Baixas. Son inmobles de planta terrea e un andar, con cubertas a dúas augas en tella curva e muros de cachotaría e cantaría de granito. O número 32 destaca por un balcón voado de ferro apoiado en canzorros de pedra, mentres que os números 33 e 34 presentan galerías de madeira con poso de pedra e grandes canzorros de suxeición. Estes dous últimos, contan cunha segunda planta a modo de bufarda, con cuberta a dúas augas. Nas parcelas existen restos dunha antiga fábrica de salgado.

DESCRIPCIÓN

Edificacións mariñeiras tradicionais de pequeno tamaño. De planta terrea e un andar, muros de granito e cubertas de tella. Incorporan balcóns e galerías de madeira sobre canzorros pétreos. Dous delas, con bufardas.

EDIFICACIÓN

Parcelas estreitas e lineais, encaixadas fronte ao porto, con restos dunha antiga salgadeira. A súa configuración responde á estrutura histórica do núcleo mariñeiro, mantendo límites e aliñacións tradicionais orixinais.

PARCELA

Entorno urbano costeiro fronte ao porto de Beluso, de forte carácter mariñeiro. A relación directa co paseo e coa praia define unha fachada continua que enmarca o espazo portuario e conserva a paisaxe tradicional.

ENTORNO

Presentan valor ambiental pola súa implantación fronte á praia. Valor histórico como testemuño da arquitectura mariñeira. Valor patrimonial polo uso de materiais, volumetrías e solucións construtivas tradicionais.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

I_03
FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

CONSERVEIRA
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a fábrica orixinal, a cantería granítica e a cuberta tradicional. Recoméndanse actuacións de conservación e restauración priorizando a recuperación tipolóxica e a lectura histórica do conxunto.

POSTA EN VALOR

73_006
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE BUEU
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

PRAIA DE BELUSO, A
NÚCLEO / LUGAR

36004A01000659
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 516482,02 — Y: 4687045,70
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Edificación industrial de tipoloxía fabril rectangular, construída en 1808 como fábrica de salgadura e posteriormente acondicionada en 1959 para uso residencial. Presenta muros portantes de cachotaría e sillería granítica de boa factura, cuberta a dúas augas con tella cerámica e estrutura horizontal de madeira. A composición volumétrica é lineal e de dúas plantas, con fachadas rítmicas de vans rectangulares aliñados e escasa ornamentación. O conxunto forma parte do antigo complexo conserveiro litoral, representativo da primeira industrialización mariñeira. O estado de conservación é regular, observándose erosión do granito, alteracións cromáticas por humidade, perda de carpinterías orixinais e instalacións vistas.

DESCRIPCIÓN

Volume rectangular alongado, de dúas plantas sobre rasante e cuberta a dúas augas de tella curva. Fachadas de sillería granítica, cromatismo gris, carpinterías mixtas en madeira e aluminio. Estrutura de muros portantes de pedra.

EDIFICACIÓN

Parcela de configuración lineal e fronte única ao viario costeiro, adaptada á pendente do terreo. Uso residencial e vinculación directa co antigo uso industrial marítimo. Delimitación mediante muro de contención pétreo.

PARCELA

Entorno urbano-portuario de trazado estreito e edificación tradicional mariñeira. Boa accesibilidade viaria. O conxunto integra valores arquitectónicos e paisaxísticos singulares, en diálogo co litoral e o arboredo de ribeira.

ENTORNO

Testemuño da actividade conserveira do século XIX. Valor social e identitario asociado á memoria laboral e marítima local. Valor arquitectónico pola tipoloxía industrial tradicional e coherencia coa paisaxe costeira

VALORES

# CONSERVEIRA A ROIBA
DENOMINACIÓN



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

# 73_007
CÓDIGO INVENTARIO

# CASA MOLEZÚN
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMIENTO

B_09
FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

CASA
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ÓPTIMO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a integración da arquitectura moderna na paisaxe costeira tradicional. A conservación da estrutura pétrea orixinal. A súa adaptación topográfica e a relación directa coa contorna marítima inmediata.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADA DE BUEU
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

CARBALLO, O
NÚCLEO / LUGAR

L20301100NG18F
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 516506,00 — Y: 4687083,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Vivenda unifamiliar situada na beiramar da enseada de Bueu. Foi construída en 1969, sobre os restos dunha antiga fábrica de salgadura. O proxecto, obra do arquitecto Ramón Vázquez Molezún, representa un exemplo significativo da arquitectura moderna galega, integrando linguaxe racionalista e adaptación topográfica. A estrutura de formigón armado apóiase en muros pétreos preexistentes que funcionan como basamento, xerando unha relación directa co mar mediante terrazas. Conta con embarcadoiro propio. A volumetría cúbica branca contrasta coa fábrica de cachotería granítica, xerando unha composición singular que pon en valor o diálogo entre tradición e modernidade. Parcialmente rehabilitada no ano 2014.

DESCRIPCIÓN

De liñas cúbicas e volumes escalonados en formigón branco sobre base pétrea tradicional. Presenta terrazas fronte ao mar, cuberta inclinada cerámica e amplos vans horizontais que potencian vistas e relación coa contorna litoral.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira reducida, encaixada entre a vía e a liña marítima, caracterizada pola súa forte pendente e integración directa no bordo litoral.

PARCELA

Sitúase na enseada de Bueu con predominio de edificación tradicional mariñeira e paisaxe litoral aberta. Destaca a súa posición fronte á ría de Pontevedra, nun contexto natural e urbano de alto valor paisaxístico.

ENTORNO

Valor arquitectónico pola autoría e pola linguaxe do Movemento Moderno utilizada. Valor paisaxístico pola súa implantación no bordo costeiro. Valor patrimonial pola representatividade da arquitectura moderna galega.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

# 73_008
CÓDIGO INVENTARIO

# PECIO DE PUNTA UDRA
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PE DE PROTECCIÓN DO ESPACIO NATURAL DE CABO UDRA
PLANEAMIENTO

GA36004D
FICHA

XACEMENTO SUBACUÁTICO — XACEMENTO SUBACUÁTICO
TIPO — SUBTIPO

PECIO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

SIN USO
GLOBAL

DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

BELUSO
UNIDADE DE PAISAXE

PARROQUIA

PRAIA DA MOURISCA
NÚCLEO / LUGAR

36004A01009029
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 515028,25 — Y: 4687791,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico subacuático localizado nas augas litorais da praia da Mourisca. Trátase dos restos dun buque destinado á navegación marítima de longa distancia, asociado ás rutas comerciais da época galaicorromana. O conxunto estrutural corresponde a elementos dispersos da embarcación e materiais asociados á súa actividade, entre os que destacan cepos de áncoras actualmente depositados no Museo Provincial de Pontevedra. A técnica construtiva orixinal respondería á carpintería naval romana baseada en ensamblaxes de madeira con unións estruturais propias da arquitectura naval antiga. O xacemento atópase en contexto sedimentario mariño, con visibilidade limitada e posible dispersión de materiais debido á dinámica litoral e á acción hidrodinámica costeira. Vencellado á Ficha 566

DESCRIPCIÓN

Elemento subacuático sen edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Ámbito mariño, configurado como área subacuática sen delimitación física visible. O espazo corresponde ao fondo litoral areoso da ría e relaciónase funcionalmente co contorno mariño inmediato.

PARCELA

Entorno costeiro integrado no espazo natural de Cabo Udra, caracterizado por litoral rochoso e praias areosas con elevada calidade paisaxística. O ámbito presenta boa integración visual e baixa presión edificatoria.

ENTORNO

Interese científico ao documentar navegación comercial de longa distancia na época galaicorromana. Achega información relevante sobre tecnoloxía naval antiga, rutas marítimas atlánticas e circulación de mercadorías no territorio.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



73_009
CÓDIGO INVENTARIO

# XACEMENTO ROMANO VILA DE PRAIA MOURISCA
DENOMINACIÓN




## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMIENTO

GA36004031
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
SUBTIPO

XACEMENTO ROMANO
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

BELUSO
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

PRAIA DA MOURISCA
NÚCLEO / LUGAR

36004A01500586
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514519,00 Y: 4687201,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Asentamento de época galaicorromana na franxa litoral, GA36004031. A tipoloxía interprétase como posible villa marítima ou enclave vinculado a actividades portuarias e comerciais, asociado á navegación e ao intercambio litoral. O conxunto estrutúrase sobre substrato granítico litoral e estaría composto por estruturas construtivas de fábrica pétrea con morteiros calcarios, actualmente soterradas ou parcialmente alteradas. A súa implantación responde a criterios de accesibilidade marítima e proximidade a rutas comerciais. Non se documentan restos emerxentes, mais rexístranse materiais arqueolóxicos dispersos e referencias a pecios e achados asociados. O estado de conservación é indeterminado, existindo risco potencial derivado de procesos erosivos costeiros e usos antrópicos do litoral.

DESCRIPCIÓN

Non se documenta actualmente edificación visible asociada ao xacemento.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira de morfoloxía irregular situada na franxa litoral. Presenta uso natural e recreativo asociado ao espazo de praia e monte litoral, establecendo relación directa coa liña de costa e cos accesos viarios locais.

PARCELA

Entorno litoral caracterizado por paisaxe costeira, con presenza de praia, afloramentos graníticos e masas arboradas. O tecido edificado próximo é disperso e de baixa densidade. A accesibilidade prodúcese mediante viario local.

ENTORNO

Interese histórico e arqueolóxico vinculado á ocupación romana da ría e ao comercio marítimo galaicorromano. Constitúe testemuña territorial da actividade portuaria antiga e da articulación económica litoral.

VALORES

## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO Escala: 1:2.000



XUNTA
DE GALICIA

# 73_010
CÓDIGO INVENTARIO

# SALGADURA DE ANCORADOIRO
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

I_01
FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

SALGADEIRA
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DESFEITO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

SIN USO
GLOBAL

DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a traza estrutural orixinal, a tipoloxía constructiva en fábrica mixta, a localización estratéxica costeira e o seu papel na actividade salgadeira mariñeira tradicional da Ría de Pontevedra.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

BELUSO
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

PRAIA DO ANCORADOIRO
NÚCLEO / LUGAR

36004A01500087
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514323,83 — Y: 4686867,67
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Edificicación industrial situada na Praia de Ancoradoiro na parroquia de Beluso. Atópase nun predio de titularidade comunal, no que é visible unha estrutura muraria de 54 cm de ancho por 50 m de longo, cunha altura de 120-150 cm, executado en fábrica mixta de cantería e cachotería de granito.

DESCRIPCIÓN

Restos murarios de edificación industrial costeira. Executada en fábrica pétrea mixta e desenvolvemento lineal paralelo á ribeira. Presenta un grao avanzado de deterioración. Sen uso.

EDIFICACIÓN

Parcela comunal costeira en terreo areento e rochoso, de morfoloxía alongada e encaixada entre a praia e o relevo ascendente posterior. A localización facilitaba a actividade mariñeira e industrial ligada á salgadura tradicional.

PARCELA

Entorno litoral natural de Beluso, caracterizado por praias abertas, pequenas penínsulas e presenza de edificación tradicional mariñeira. O enclave mantén unha forte identidade paisaxística e cultural costeira.

ENTORNO

Valor histórico-industrial como testemuño da actividade conserveira tradicional. Valor paisaxístico pola súa integración no litoral. Valor patrimonial pola representatividade tipolóxica.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: I_02

TIPO: INDUSTRIAL — SUBTIPO: CONSERVEIRA

ELEMENTO: SALGADEIRA

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ÓPTIMO

## USOS ORIXINAIS

GLOBAL: INDUSTRIAL

DETALLADO: EQ SOCIAL-CULTURAL

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar o seu valor histórico, etnolóxico e construtivo, sendo testemuño material da actividade industrial pesqueira galega dos séculos XVIII-XIX.

POSTA EN VALOR

# 73_011

CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: PONTEVEDRA

COMARCA COSTEIRA: RÍAS BAIXAS

CONCELLO: BUEU

SECTOR COSTEIRO: RÍA DE PONTEVEDRA

UNIDADE DE PAISAXE: BELUSO

PARROQUIA: BELUSO (SANTA MARÍA)

NÚCLEO / LUGAR: SAR

REFERENCIA CATASTRAL: 36004A01500583

ZONA: SERVIDUME

COORDENADAS: X: 514453,00 — Y: 4687329,00 — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

A antiga salgadeira da Praia Mourisca, constitúe un destacado exemplo de arquitectura industrial vinculada á conservación mariña tradicional das Rías Baixas. O conxunto edificatorio, de planta rectangular e muros de cachotaría granítica, organízase arredor dun patio interior porticado que acolle 22 pías de pedra empregadas para o proceso de salgadura do peixe. A cuberta a dúas augas con tella curva tradicional descansa sobre estrutura de madeira e columnas pétreas. A súa implantación litoral responde á necesidade funcional de proximidade inmediata ao mar, facilitando o transporte e manipulación do produto. Foi rehabilitada no ano 2019.

DESCRIPCIÓN

Edificación industrial rectangular de muros de cantaría de granito e patio central porticado. Cuberta a dúas augas de tella tradicional e pías de salgadura en granito. Mantén a estrutura orixinal.

EDIFICACIÓN

Parcela litoral situada en contacto directo coa praia Mourisca, delimitada por muros de contención sobre rochas costeiras. A topografía é suave e a implantación responde á funcionalidade industrial marítima histórica.

PARCELA

O entorno inmediato combina elementos naturais costeiros, (areal, rochas, vexetación autóctona), con construcións tradicionais dispersas.

ENTORNO

Destacan valores históricos, etnográficos e industriais, vinculados á salgadura tradicional. A tipoloxía construtiva e a implantación litoral ,confírenlle relevancia patrimonial e paisaxística notable.

VALORES

# SALGADURA DE PRAIA MOURISCA

DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

E_01
FICHA

ETNOLÓXICO — REFUXIO
TIPO — SUBTIPO

OTROS
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a relación directa entre o abrigo e o afloramento granítico que lle serve de soporte estrutural, así como a técnica construtiva en pedra en seco. Recoméndanse actuacións de conservación e limpeza vexetal.

POSTA EN VALOR

73_012
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADAS DE ANCORADOURO, POUSO E CANO DA CUNCA
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

CHAN DE ESQUEIROS
NÚCLEO / LUGAR

36004A01500001
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514383,00 — Y: 4686943,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Abrigo etnolóxico vinculado ao aproveitamento gandeiro tradicional, escavado ou apoiado nun afloramento granítico do batólito litoral da contorna da praia. A estrutura configúrase como pequeno refuxio pétreo tipo alpendre-chouso, aberto frontalmente e resolto mediante bloques e laxes de granito colocadas en seco, aproveitando a topografía e a masa rochosa existente como peche posterior e lateral. Presenta configuración espacial simple e funcional, destinada historicamente ao resgardo temporal de gando ovicaprino en réxime extensivo ou semiliberdade, práctica documentada na zona desde o século XIX. Na actualidade mantén función etnográfica testemuñal. O estado de conservación é aceptable, con colonización vexetal e erosión superficial. Presenta integración paisaxística no medio.

DESCRIPCIÓN

Pequena construción semiescavada en afloramento granítico. Volume baixo e proporción horizontal. Paramentos de laxes colocadas en seco. Estrutura pétrea simple. Cuberta resolta polo propio batólito. Abrigo gandeiro tradicional.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica de configuración irregular en ladeira granítica con abundantes afloramentos. Uso natural e forestal. O abrigo intégrase no terreo aproveitando o batólito. Sen delimitacións construídas claras.

PARCELA

Contorno rural e litoral con dominio de afloramentos graníticos, matogueira e masas de piñeiro. Accesibilidade por pista local. A presenza do abrigo integra un conxunto etnográfico disperso sen elementos urbanos deturpadores.

ENTORNO

Representativo das prácticas tradicionais de aproveitamento gandeiro extensivo vinculadas á ocupación histórica do monte litoral. Constitúe testemuño material da cultura pastoril local e da adaptación da arquitectura popular.

VALORES

# ABRIGO DA PRAIA DE ANCORADOIRO 1
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



73_013
CÓDIGO INVENTARIO

# ACHADO DE CON
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PE DE PROTECCIÓN DO ESPACIO NATURAL DE CABO UDRA
PLANEAMENTO

I2
FICHA

GALAICO ROMANO
TIPO

GALAICO ROMANO
SUBTIPO

ACHADO
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADAS DE ANCORADOURO, POUSO E CANO DA CUNCA
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

ROZA, A
NÚCLEO / LUGAR

36004A01500411
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514424,00 Y: 4686439,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Achado arqueolóxico illado AC36004007, composto por fragmentos de vasillas cerámicas de uso doméstico recuperados en superficie en terras de labor. As pezas están elaboradas en arxila cocida, modeladas a man ou a torno, con pastas pardas ou agrisadas e desengraxantes micáceos e cuarcíticos. Correspóndense con corpos, fondos e bordes de recipientes utilitarios. A dispersión superficial suxire posición secundaria. A adscrición cultural é incerta, con paralelos entre a Idade do Bronce, época galaicorromana e períodos medievais. Non se documentan estruturas asociadas nin intervencións arqueolóxicas, e os materiais atópanse actualmente depositados no Museo de Pontevedra. Estado de conservación fragmentario, propio de materiais dispersos. Vencellado a Ficha 566.

DESCRICIÓN

Non se identifica edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica de cultivo, próxima á franxa litoral da ría. Ten configuración irregular e uso agrario, relacionada co espazo costeiro e cos camiños tradicionais de acceso á praia no ámbito local.

PARCELA

O entorno inmediato corresponde núcleo litoral e á fachada costeira da ría, con presenza de praias, infraestruturas portuarias e edificación residencial dispersa. A paisaxe combina valores naturais e antrópicos.

ENTORNO

Valor como indicador arqueolóxico ocupación histórica do litoral. Os fragmentos cerámicos documentan actividades domésticas e contribúen ao coñecemento do poboamento antigo no ámbito costeiro.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

# 73_014
CÓDIGO INVENTARIO

# PETRÓGLIFO DE PUNTA ESCANDIÑA
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

GA36004019
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

SIN USO
GLOBAL

DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADAS DE ANCORADOURO, POUSO E CANO DA CUNCA
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

ROZA, A
NÚCLEO / LUGAR

36004A01509011
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 514295,00 — Y: 4686384,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Gravado rupestre ao aire libre correspondente á tipoloxía de petroglifo prehistórico executado sobre afloramento de granodiorita de gran groso integrado na rasa granítica costeira. O motivo documentado consiste nunha pía ou coviña circular duns 27x25x3 cm rodeada por trazo curvo ou círculo incompleto obtido mediante técnica de picado e abrasión directa sobre o soporte pétreo. A configuración é simple e illada, sen composición complexa asociada, e inscríbese na tradición gráfica da arte rupestre atlántica, atribuíble de forma xenérica á Prehistoria recente. Carece de funcionalidade estrutural, mantendo valor arqueolóxico e simbólico. Presenta estado de conservación aceptable, con colonización biolóxica superficial e efectos de meteorización mariña propios do medio litoral.

DESCRIPCIÓN

Non se identifica edificación asociada ao xacemento.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica situada en ámbito litoral de cantil baixo, configurada por superficie irregular vinculada á rasa granítica costeira. O uso actual corresponde a monte baixo, integrado no ámbito natural.

PARCELA

Entorno litoral natural pertencente ao ámbito da ría, con cantís baixos, matogueira e prados incultos. A imaxe mantén elevada integridade visual, cunha paisaxe costeira continua e escasa presenza de elementos antrópicos.

ENTORNO

Representativo da arte rupestre atlántica, constituíndo testemuño material das prácticas simbólicas da Prehistoria recente no litoral. Destaca pola singularidade do soporte granítico costeiro e polo seu contexto paisaxístico.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



# XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



73_015
CÓDIGO INVENTARIO

# PETRÓGLIFO DA BUFÚA
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

GA36004027
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

FORESTAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

ENSEADAS DE ANCORADOURO, POUSO E CANO DA CUNCA
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

ALTO DA TELLEIRA
NÚCLEO / LUGAR

36004A01400977
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 514702,05 — Y: 4685110,32
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Elemento de arte rupestre ao aire libre constituído por soporte granítico exento, probablemente procedente dun afloramento inmediato, con dimensións aproximadas de 2 x 1 m. Na cara superior e parcialmente inclinada documentase un conxunto de máis de cincuenta cazoletas hemisféricas de 3-5 cm de diámetro, distribuídas sen orde aparente mediante técnica de percusión sobre granito. O xacemento adscríbese tipoloxicamente aos petróglifos atlánticos da Idade do Bronce. Sitúase na parte superior da ladea litoral do Alto da Telleira, dominando visualmente o litoral da ría. O estado de conservación é aceptable, con colonización biolóxica superficial e presenza de vexetación forestal de repoboación no contorno inmediato. Sen evidencia de fractura estrutural nin intervención moderna visible.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica irregular situada na marxe occidental dun camiño de acceso ao litoral. Presenta cobertura forestal e uso silvícola. O soporte granítico gravado sitúase no interior da parcela sen delimitación definida actualmente.

PARCELA

Contorno litoral forestal situado na ladea que descende cara á ría. Predominan masas de piñeiro e eucalipto e un camiño rural de acceso. A paisaxe presenta integración visual co medio natural inmediato e ámbito costeiro.

ENTORNO

Representativo da arte rupestre atlántica da Idade do Bronce. O conxunto de cazoletas gravadas sobre soporte granítico evidencia prácticas simbólicas prehistóricas e reforza o valor cultural da paisaxe litoral.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



73_016
CÓDIGO INVENTARIO

# PETRÓGLIFO DE PRAIA DE REVENTÓNS 2
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

GA36004049
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

SIN USO
GLOBAL

DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE BON
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

NÚCLEO / LUGAR

36004A02201101
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 515084,00 — Y: 4683896,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Elemento de arte rupestre gravado sobre pequena laxe granítica illada situada nun camiño tradicional de acceso á praia. Trátase dun soporte pétreo natural de aproximadamente 0,50 x 1,00 m e uns 0,15 m de altura visible, integrado no tránsito peonil. A superficie superior presenta gravados executados mediante técnica de picado directo sobre granito, configurando unha cruz histórica con calvario asociada e varias cazoletas de pequeno diámetro. A composición distribúese no plano horizontal da rocha. O conxunto responde á reutilización histórica de soportes rupestres, probablemente de cronoloxía posterior aos petróglifos prehistóricos tradicionais. O estado de conservación é aceptable, con colonización biolóxica, abrasión superficial e acumulación parcial de terra.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica de configuración irregular situada nun ámbito litoral forestal. O elemento localízase sobre o propio trazado dun camiño de acceso á praia, sen delimitación física específica. O uso é forestal e de tránsito peonil.

PARCELA

Entorno rural litoral caracterizado por camiños tradicionais e masas vexetais de matogueira e arborado disperso. A paisaxe presenta carácter naturalizado con presenza de eucaliptais e vexetación espontánea.

ENTORNO

Interese arqueolóxico como manifestación de arte rupestre gravada sobre soporte granítico natural e como testemuño da reutilización histórica de rochas con gravados simbólicos no territorio litoral.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

GA36004048
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

SIN USO
GLOBAL

DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

73_017
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

BUEU
CONCELLO

RÍA DE ALDÁN E COSTA DA VELA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE BON
UNIDADE DE PAISAXE

BELUSO (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

NÚCLEO / LUGAR

36004A02209020
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 515036,00 — Y: 4683919,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Petróglifo asociado a un muíño navicular escavado en soporte fixo sobre afloramento granítico litoral. Localízase na Praia de Reventóns, nun conxunto de bloques que xeran acubillos naturais e un corredor pétreo orientado leste-oeste. A cavidade do muíño presenta planta alongada, 45 x 25 cm e arredor de 4 cm de fondura, con rebaixe terminal occidental. A técnica corresponde a labra directa por abrasión e percusión sobre granito. O contexto tipolóxico remite a prácticas de procesado cerealístico prehistóricas ou protohistóricas. O estado xeral é estable, sen destrucións aparentes, aínda que se detecta uso recreativo do lugar e presenza de depósitos orgánicos superficiais. A superficie rochosa presenta meteorización e colonización puntual por liques.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

